

## Narón

# O Concello acollerá en setembro unha feira para promocionar o sector inmobiliario

O alcalde, Xoán Gato, explicou que se tratará de implicar na iniciativa ás entidades bancarias

A praza de Galicia acollerá no mes de setembro unha feira organizada co fin de promocionar o sector inmobiliario. O rexedor municipal naronés, Xoán Gato, anunciou que o evento se promoverá dende Alcaldía e contará co respaldo da Concellería de Feiras e Mercados, ao fronte da que está a edila María del Mar Gómez.

LORENA ROMERO > FERROL

■ A chegada da crise inmobiliaria levou ao alcalde naronés, Xoán Gato, a apostar pola celebración dunha feira encamiñada a promocionar o sector e paliar os efectos negativos da crise, que revirten fundamentalmente no incremento de persoal desempleado e no crecemento dos concellos. O rexedor municipal incidiu en que “os Concellos teñen a obriga de apoiar a un sector que tanta riqueza lles da e lles deu”.


A feira terá unha duración, segundo as previsións iniciais, dunha semana, e celebrarase na praza de Galicia, onde se habilitará unha carpa duns 3.000 metros cadrados para acoller aos diferentes participantes. Entre eles estarán, tal e como indicou Gato, os integrantes da Asociación de Cons-

tructores de Narón e outros promotores alleos á entidade pero vinculados ao sector.

Así mesmo, invitarase á feira ás entidades bancarias “porque consideramos que teñen moito que dicir sobre a situación actual”, explicou o alcalde. Deste xeito trataríase de “entre os constructores e a banca, poder amosar ao público durante a feira a oferta existente en Narón de vivendas e as condicións de acceso ás mesmas”, apuntou. Sobre a situación actual do municipio, Gato lembrou que ba actualidade hai uns 800 pisos en construción e terreo preparado para máis de 1.200 vivendas.

Na convocatoria trataríase de impulsar promocións especiais para os posibles compradores das vivendas. “Baixadas no prezo dos pisos, facilidades para o pago das hipotecas, garantir uns ingresos mínimos para poder pagalas no caso de que o adquirinte quede sen traballo... en definitiva, rompendo o medo que hai para comprar e facilitando a materialización desas adquisicións”, explicou Gato. Ao sector bancario solicitaráselle ademais a presentación de ofertas especiais sobre tasacións e facilidades no pago dos préstamos para a compra de vivenda.

**Xunta** > O alcalde naronés asegurou que no concello se ofrecen actualmente tanto vivendas como



A firma Epaat promove dúas importantes áreas residenciais en Narón c.c.

solo máis barato que na Xunta. Ao respecto, Gato incidiu en que “en Narón hai á venda vivenda libre a un prezo un 20% inferior ao estipulado pola Consellería de Vivenda para os pisos protexidos”, aludindo unha vez máis á “especulación” que se está levando a cabo con este tema dende a administración autonómica.

“Coa organización desta feira trataríase de amosar con claridade toda a oferta que en materia de pisos fai o sector privado no con-

cello, cunha altísima calidade de construción, e trataríase de suplir así o abandono no que a Xunta mantén a Narón, non facilitando a construción de máis vivendas de protección autonómica”, explicou o alcalde. Este incidiu en que os constructores “non poden competir cos prezos especulativos que está poñendo a Xunta” e asegurou que a falla de máis inversión da Consellería de Vivenda no municipio responde a unha “ven-ganza ao esforzo que fai Narón”.

## EMPREGO

## A Xunta aporta 138.000 euros ao Consistorio para adecentar espazos públicos

REDACCIÓN > FERROL

■ A Concellería de Formación Laboral e Emprego, dirixida pola concelleira Paloma González (PP), solicitou o pasado mes de febreiro á Consellería de Traballo unha memoria para optar a unha serie de axudas autonómicas que permiten ao Consistorio desenvolver oito proxectos. A Xunta aprobou tres deles e concedeu a Narón unha subvención de 138.875 euros. Con cargo a esta cantidade, procedente dos Plans de Cooperación da administración autonómica, o Concello contratará a once desempregados para realizar tarefas de reparación e conservación de espazos públicos, tal e como anunciou a edila Paloma González.

O Consistorio iniciará o proceso de selección de persoal para que os operarios se incorporen aos seus postos o 1 de xullo. Reparación de beirarrúas, conservación do espazo natural protexido Río Xuvia e melloras no alumeadado de vías, e espazos públicos forman parte dos traballos a executar. González incidiu na importancia do Plan de Cooperación, por reducir as taxas de desemprego e lembrou que a Xunta rexeitou cinco proxectos relacionados co ámbito cultural, social e turístico.

## SOCIEDADE

## O Grupo de Traballo para o Desenvolvemento de Sedes presentarase o día 26

REDACCIÓN > FERROL

■ A sala de usos múltiples do par-

rurais, tal e como se indicou dende a organización.

## SOCIEDADE

## A AVV Trasancos celebrará hoxe con varios actos a Festa da Xuventude

REDACCIÓN > FERROL

■ O barrio de Santa Icaia acol-

comezarán os xogos de tenis de mesa, que se desenvolverán ata a

ta da Xuventude retomarase ás 16.30 horas, coa saída do Tren da Alegría, que pasará polo barrio aos nenos que o desexen. En cada unha das viaxes poderán subirse ao mencionado medio de transporte trinta rapaces. Ademais, para os máis atrevidos, haberá unha pista de triciclos e multiarcos.

Sobre as 18.30 horas haberá